

# I. Disposicións xerais

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**7070** *ORDE APA/1171/2005, do 15 de abril, sobre actualización de datos e identificación de agricultores para a aplicación do réxime de pagamento único. («BOE» 104, do 2-5-2005.)*

A reforma da política agrícola común da Unión Europea, aprobada no mes de xuño de 2003, desenvolveuse mediante diferentes regulamentos. O Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello, do 29 de setembro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) n.º 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, agrupa diversos pagamentos directos recibidos actualmente polos agricultores ao abeiro de distintos réximes nun réxime de pagamento único.

O réxime de pagamento único establece unha axuda única por explotación, calculada en función dos importes recibidos polo agricultor nun período de referencia, e non subordinada á produción de ningún produto específico.

O Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril de 2004, establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

A Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, establece no seu artigo 120, como normativa básica, a aplicación en todo o territorio a escala nacional, da modalidade de aplicación do réxime de pagamento único, a que se refiren os artigos 66 a 69 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003. O citado réxime aplicarase a partir do 1 de xaneiro de 2006.

A opción do artigo 70 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, foi exercida polo Goberno español, comunicándolle á Comisión Europea, antes do día 1 de agosto de 2004, a non-aplicación do réxime de pagamento único ao sector das sementes nin na Comunidade Autónoma de Canarias.

O Regulamento (CE) n.º 795/2004, no seu artigo 12.1, facilita aos Estados membros o inicio do desenvolvemento do réxime de pagamento único mediante a identificación dos beneficiarios potenciais con dereito á axuda, así como o establecemento dos importes e do número de hectáreas do período de referencia de acordo coa sistemática de cálculo establecida no Regulamento (CE) n.º 1782/2003, todo iso no ano anterior ao primeiro ano de aplicación do réxime de pagamento único.

Co obxecto de actualizar os datos existentes sobre o devandito beneficiarios potenciais, e antes de establecer as normas para o seu recoñecemento provisional, é necesario que os interesados dispoñan inicialmente dun período durante o cal teñan coñecemento dos datos exis-

tentes e poidan achegar ás administracións públicas as modificacións que se producisen.

Esta orde dítase co carácter de normativa básica dada a súa natureza conxuntural e o seu carácter urxente, co fin de facilitar, antes do inicio do primeiro período de aplicación do réxime de pagamento único, un coñecemento actualizado da situación.

Na elaboración desta disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

### Artigo 1. *Obxecto.*

Esta orde ten por obxecto a actualización de datos e identificación dos agricultores a que se refire o artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, do Consello, do 29 de setembro, polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores e polo que se modifican os regulamentos (CEE) n.º 2019/93, (CE) n.º 1452/2001, (CE) n.º 1453/2001, (CE) n.º 1454/2001, (CE) 1868/94, (CE) n.º 1251/1999, (CE) n.º 1254/1999, (CE) n.º 1673/2000, (CEE) n.º 2358/71 e (CE) n.º 2529/2001, con obxecto de proceder ao establecemento provisional dos importes de referencia e do número de hectáreas recollidos nas letras a) e b) do punto 1 do seu artigo 34, así como, de ser o caso, de coñecer os elementos necesarios para establecer os dereitos de axuda provisionais, de acordo co disposto no artigo 12.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004 da Comisión, do 21 de abril, que establece disposicións de aplicación do réxime de pagamento único previsto no Regulamento (CE) n.º 1782/2003 do Consello polo que se establecen disposicións comúns aplicables aos réximes de axuda directa no marco da política agrícola común e se instauran determinados réximes de axuda aos agricultores.

### Artigo 2. *Definicións.*

Para os efectos desta orde serán aplicables as definicións do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, así como as do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

**Artigo 3. *Identificación dos agricultores para a súa inclusión no réxime de pagamento único para efectos da atribución de dereitos de axuda non procedentes da reserva nacional.***

1. De acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 1782/2003, poderanse acoller ao réxime de pagamento único os agricultores a que se refire o seu artigo 33.1.a), que no período de referencia recibisen pagamentos directos por algún dos réximes de axuda recollidos no anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

2. Tamén se poderán acoller todos aqueles agricultores, que cumprindo os demais requisitos e condicións previstos no réxime de pagamento único, recibisen a explotación ou parte dela dun agricultor do punto anterior polas seguintes circunstancias:

a) Por herdanza real ou herdanza anticipada, de acordo co disposto no artigo 33.1.b) do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e no 13 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

A herdanza anticipada ten lugar cando os titulares da explotación ceden ou cederon esta, ou parte dela, a título gratuito e por actos «inter vivos» a persoas que os suceden como herdeiros no exercicio da actividade agraria e nos seus dereitos.

En todo caso considérase incluído o usufrutuário.

b) Que se producise un cambio da personalidade ou da denominación destes, sexan persoas físicas individuais ou agrupadas ou sexan persoas xurídicas, de acordo co establecido no artigo 33.2 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e no 14 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

c) Que se producisen fusións ou escisións destes, conforme o disposto no artigo 33.3 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e no 15 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

d) Que obtivesen unha explotación ou parte dela por compravenda con cesión dos dereitos de axuda conforme o disposto no artigo 17 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

3. Así mesmo, poderanse acoller ao réxime todos aqueles agricultores cuxa produción, durante todo o período de referencia, se vise afectada por dificultades excepcionais, conforme o disposto no artigo 40 do Regulamento 1782/2003.

#### Artigo 4. *Identificación dos agricultores para a súa inclusión no réxime de pagamento único para efectos da atribución de dereitos de axuda da reserva nacional.*

Para efectos da atribución de dereitos de axuda da reserva nacional consideraranse as seguintes situacións:

1. Os agricultores que se encontren nunha situación especial das establecidas no artigo 42.4 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 e nos artigos 18 a 23 bis do Regulamento (CE) n.º 795/2004, e que se relacionan a continuación:

Produtores lácteos de acordo co disposto no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

Agricultores que reciban terras dun agricultor morto ou xubilado e que as tivesen arrendadas a unha terceira persoa durante o período de referencia, de acordo co disposto no artigo 20 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

Agricultores que efectuasen investimentos ou adquirisen terras de acordo co disposto no artigo 21 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

Agricultores que arrendasen ou adquirisen terras arrendadas, de acordo co disposto no artigo 22 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

Agricultores que participaron en programas nacionais de reorientación da produción de acordo co disposto no artigo 23 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

Agricultores lexitimados para recibir dereitos de axuda ou para aumentar o valor dos dereitos existentes por sentenzas xudiciais ou actos administrativos firmes, de acordo co disposto no artigo 23 bis do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

2. Agricultores que iniciasen a súa actividade agraria despois do 31 de decembro de 2002, ou en 2002, pero sen recibiren axudas directas o devandito ano e que continúen exercendo a actividade, salvo en casos xustificados de forza maior, conforme o disposto no artigo 42.3, do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

3. Agricultores que se encontren en zonas destinadas a programas de reestruturación ou de desenvolvemento, relativos a algún tipo de intervención pública, conforme o disposto no artigo 42.5 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

#### Artigo 5. *Cálculo do importe de referencia.*

O importe de referencia provisional calcularase para os agricultores identificados no artigo 3 desta orde, de

conformidade co previsto nos artigos 37, 40 e 62, así como no anexo VII do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

#### Artigo 6. *Agricultores que iniciasen a actividade durante o período de referencia.*

1. Cando un agricultor comezase a actividade agraria durante o período de referencia deberalle comunicar á comunidade autónoma competente, como mínimo, os datos que figuran no modelo 1 do anexo nas datas establecidas no artigo 11 desta orde, co fin de establecer o importe de referencia, e o número de hectáreas, de ser o caso, en función do ano ou anos naturais durante os cales exercese a actividade agraria no período de referencia, e, así mesmo, deberá acreditar que exerceu a actividade agraria desde esa data ata o momento da comunicación salvo algunha das causas de forza maior establecidas no artigo 7 desta orde.

2. Se o agricultor que inicia a actividade agraria no período de referencia se encontra, ademais, nalgunha das condicións establecidas no artigo 3.2.a), ou no artigo 4, ou ben no artigo 7 desta orde, asignaráselle as hectáreas e os importes de referencia aplicándose o disposto nos artigos 13.4 e 18.2 do Regulamento (CE) n.º 795/2004.

#### Artigo 7. *Agricultores en dificultades excepcionais.*

1. Os agricultores cuxa produción, durante o período de referencia, se vise afectada por casos de forza maior ou circunstancias excepcionais, ocorridos antes do citado período ou durante este, deberanlle comunicar á comunidade autónoma competente nas datas previstas no artigo 11, como mínimo, os datos que figuran no modelo 2 do anexo co fin de calcular o importe de referencia e o número de hectáreas que lle corresponden, en función dos anos do período de referencia non afectados por estes acontecementos. Non se poderá ter en conta a forza maior ou circunstancias excepcionais nos casos a que se refiren as letras a) e b) do punto 3 deste artigo cando fosen solicitadas e obtidas axudas da PAC por outro titular, para a mesma explotación e período.

2. No suposto de que a totalidade do período de referencia se vise afectado por casos de forza maior, aplicaráselle como período de referencia o comprendido entre 1997 e 1999.

3. Consideraranse casos de forza maior ou circunstancias excepcionais os seguintes:

- a) Falecemento do agricultor ou desaparición del.
- b) Incapacidade laboral de longa duración do agricultor.
- c) Catástrofe natural grave que afectase seriamente as terras agrarias da explotación.
- d) Destrución accidental dos locais gandeiros da explotación ou perda accidental dos animais.
- e) Epizootia que afectase unha parte ou a totalidade do gando do agricultor.
- f) Sacrificio obrigatorio obxecto dun programa de erradicación de enfermidades dos animais.

4. Os puntos 1 e 2 deste artigo tamén se lles aplicarán aos agricultores que deixaron de percibir pagamentos directos durante o período de referencia como consecuencia de teren estado suxeitos a compromisos ambientais, compromisos relacionados co arrinque de plantacións de lúpulo e programas de readquisición de cotas de tabaco de acordo co disposto no artigo 40.5 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

En caso de que as medidas a que se refire o parágrafo anterior cubran o período de referencia e o período recollido no punto 2, establecerase un importe de referencia de acordo con criterios obxectivos e de modo que

quede garantida a igualdade de trato entre os agricultores e se evite o falseamento da competencia e do mercado.

#### Artigo 8. *Contratos de compravenda.*

1. Cando con posterioridade ao inicio do período de referencia exista un contrato de compravenda a que se refire o artigo 17.1. do Regulamento (CE) n.º 795/2004, o vendedor solicitará o establecemento dos dereitos de axuda conforme o disposto no artigo 17.3 do devandito regulamento, salvo que o comprador solicite, en nome do vendedor e coa autorización explícita deste, a asignación das hectáreas e importes de referencia correspondentes ao contrato, xuntando á súa solicitude unha copia deste, cos datos e o ou os documentos que se citan no modelo 10 do anexo desta orde.

2. Do mesmo modo e no caso de compravendas de unidades de produción, por parte de produtores de ovino e caprino ou de vacas nutrices, deberase presentar unha solicitude cos datos e documentos que se citan no modelo 11 do anexo desta orde.

3. O establecemento das hectáreas, unidades de produción e importes correspondentes ao período de referencia, dos contratos citados nos puntos anteriores, quedarán condicionados ao establecemento provisional e definitivo dos dereitos de axuda e sen prexuízo do establecido nos artigos 46.3 e 42.9 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

#### Artigo 9. *Período de referencia.*

O período de referencia será o que se establece no artigo 38 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, axustado de conformidade co seu anexo VII, e comprenderá os anos naturais 2000, 2001 e 2002.

Non obstante, segundo o artigo 37 do devandito regulamento, no réxime de axuda ao aceite de oliva o período de referencia comprenderá as campañas de comercialización 1999/2000, 2000/2001, 2001/2002 e 2002/2003, segundo o seu artigo 62, na prima láctea e os pagamentos adicionais utilizarase a cantidade individual de referencia dispoñible na explotación en 31 de marzo do 2006, e segundo o seu anexo VII, no caso do liño e do cânabo, o número de hectáreas para as que se concedeu un pagamento nos anos 2001 e 2002.

#### Artigo 10. *Número de hectáreas.*

Calcularáselle a cada agricultor un número de hectáreas, que será a media do total de hectáreas que durante o período de referencia desen lugar a algún dos pagamentos directos recollidos no anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1782/2003, incluída a superficie forraxeira.

#### Artigo 11. *Comunicacións e actualización de datos.*

1. As comunidades autónomas comunicaranlles aos agricultores a que se refire o artigo 3.1 os datos do pagamento único, por calquera das formas posibles que lle permitan ao agricultor o coñecemento dos seus propios datos, incluída a posibilidade de acceso ao rexistro ou ás bases de datos.

2. En caso de que un agricultor recibise pagamentos polas axudas do anexo VI do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 en varias comunidades autónomas, entenderase como comunidade autónoma competente para a comunicación da información do punto 1 aquela en que a suma dos importes de referencia teña un valor maior.

3. Para o efecto de que, no seu momento, os agricultores se poidan acoller ao réxime de pagamento único,

aqueles do artigo 3 desta orde, salvo os do punto 1 cuxas circunstancias non cambiasen, deberanlle comunicar á súa respectiva comunidade autónoma, nos modelos que esta estableza, os datos e documentos que se relacionan no anexo desta disposición ou outros xustificantes, para cada unha das situacións do artigo 3 que non se expresan, antes da data que determine a comunidade autónoma competente e, en todo caso, antes do día 15 de xullo de 2005, sen prexuízo do disposto nos puntos 2 e 3 do artigo 33 do Regulamento (CE) n.º 1782/2003 para os cambios de denominación e estatuto xurídico, as fusionés e as escisións, e no punto 3 do artigo 15 do Regulamento (CE) n.º 795/2004, así como no artigo 17.1. deste regulamento para as compravendas con dereitos de axuda.

Así mesmo, os agricultores do punto 1 do artigo 3, que apreciasen erros ou inexactitudes na comunicación a que se refire o punto 1 deste artigo solicitarán, da autoridade competente, a rectificación dos datos erróneos ou inexactos dentro do devandito prazo.

4. Para efectos de poder calcular os dereitos provisionais, os agricultores dos artigos 6 e 7 deberanlle comunicar á súa respectiva comunidade autónoma, nos modelos que esta estableza, os datos e documentos que se relacionan no anexo desta disposición ou outros xustificantes antes da data que esta determine e en todo caso antes do día 15 de xullo de 2005.

5. Aqueles agricultores que se consideren incluídos nunha ou algunhas das situacións que se reflicten no artigo 4 comunicaranlle á comunidade autónoma competente os seus datos e circunstancias xuntando as correspondentes xustificacións, para efectos da súa identificación, con independencia de solicitar no seu momento, antes da data que se estableza, a asignación dos importes de referencia e dereitos de axuda procedentes da reserva nacional, unha vez adoptadas as decisións correspondentes a esta no réxime de pagamento único.

6. As comunicacións de modificacións propostas polos agricultores serán verificadas pola autoridade competente e, no caso de se considerar oportunas, modificaranse os datos do pagamento único.

7. A actualización provisional dos datos do pagamento único partindo dos datos facilitados e xustificados polos interesados e verificados pola autoridade competente, ao non ter carácter definitivo, non será susceptible de recurso, sen prexuízo do dereito a solicitar, en calquera momento, a rectificación dos datos erróneos ou inexactos e de solicitar, no seu momento, a asignación de dereitos de axuda así como a axuda de pagamento único que considere que lle poida corresponder.

#### Disposición adicional única. *Excepcións de aplicación.*

Esta orde non será de aplicación ao sector das sementes e ás Illas Canarias, de acordo coas excepcións permitidas polo artigo 70 do citado Regulamento (CE) n.º 1782/2003.

#### Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 15 de abril de 2005.

ESPINOSA MANGANA

## ANEXO

**MODELO 1. COMUNICACIÓN DE INICIO DE ACTIVIDADE DURANTE O PERÍODO DE REFERENCIA**

Don/Dona..... con DNI .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P. ....  
 1

**EXPÓN:**

Que o cálculo xeral do establecemento das hectáreas e importes de referencia foi efectuado pola Administración dividindo por tres anos ou por catro no caso do aceite de oliva.

Que iniciou a actividade agraria no ano  2001  2002, ou para o aceite de oliva nas campañas  2000/2001,  2001/2002,  2002/2003 e que non exerceu actividade agraria ningunha nos 5 anos anteriores.<sup>2</sup>

Que acredita que exerceu a actividade agraria desde ese ano ata a actualidade **(1)**.

**DECLARACIÓN E SOLICITUDE:**

Quen asina abaixo declara que os datos indicados son certos e solicita que se lle estableza a media do pagamento único en función dos anos en que exerceu a actividade dentro do período de referencia.

En ....., o..... de ..... de 2005

Asdo.: .....

**(1) Documentación**

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitaren directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria durante os anos indicados (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado .....

**ILMO. SR.** .....

<sup>1</sup> No caso da existencia dun herdeiro ou destinatario da explotación, expresar tamén os datos deste, que ademais deberá cubrir a solicitude correspondente.

<sup>2</sup> No caso de que o inicio da actividade fose no ano 2000 ou na campaña 1999/2000 para o aceite de oliva, pero sen percibir axudas nos ditos períodos, indicalo así.

## MODELO 2. COMUNICACIÓN DE CAUSA DE FORZA MAIOR OU CIRCUNSTANCIA EXCEPCIONAL

Don/Dona..... con DNI .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P. ....

En calidade de:

- Beneficiario/a das axudas recollidas no anexo VI do Regulamento (CE) nº 1782/2003.
- Herdeiro/a ou destinatario/a da explotación de Don/Dona .....  
 DNI/CIF ....., durante o período de referencia.

### EXPÓN:

Que nos anos:  1999  2000  2001  2002,

A súa explotación se viu afectada pola seguinte causa de forza maior ou circunstancia excepcional:

- a) Falecemento ou desaparición física do agricultor.
- b) Incapacidade laboral de longa duración do agricultor.
- c) Catástrofe natural grave que afectase seriamente as terras agrarias da explotación.
- d) Destrución accidental dos locais gandeiros da explotación ou perda accidental dos animais.
- e) Epizootia que afectase unha parte ou a totalidade do gando do agricultor.
- f) Sacrificio obrigatorio obxecto dun programa de erradicación de enfermidades dos animais.

### SOLICITA:

Quen asina abaixo declara que os datos indicados son certos e que, segundo o indicado no artigo 7 desta orde, non se teña en conta o ano/os anos indicados para o cálculo do importe do pagamento único.

En ....., o ..... de ..... de 2005

Asdo.: .....

**Documentación:**

- Caso a) Certificado de defunción ou denuncia da desaparición, declaración de ausencia ou declaración de falecemento.
- Caso b) Certificado do centro xestor da Seguridade Social sobre incapacidade de longa duración.
- Caso c) Copia da solicitude de axudas PAC para o ano/anos da catástrofe e da PAC do ano anterior.
- Caso d) Comunicación de baixa dos animais efectuada ou copia do libro de explotación que reflicta a dita baixa.
- Casos e) e f) Certificado da autoridade competente en sanidade animal referente ao gando que se sacrificou.

Para todos os casos indicar calquera outra documentación que xustifique os supostos anteriores .....

Nos casos c), d), e) e f) descrición breve dos feitos.

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria durante os anos indicados (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado .....

**ILMO. SR.** .....

**MODELO 3. COMUNICACIÓN DE COMPROMISOS AMBIENTAIS  
ARRINCADA PLANTACIÓNS LÚPULO OU READQUISICIÓN COTAS  
DE TABACO**

Don/Dona..... con DNI .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P. ....

En calidade de:

- Beneficiario/a das axudas recollidas no anexo VI do Regulamento (CE) nº 1782/2003.
- Herdeiro/a ou destinatario/a da explotación de Don/Dona .....  
 DNI/CIF ....., durante o período de referencia.

**EXPÓN:**

Que nos anos: .....

A súa explotación se viu afectada por algunha das seguintes circunstancias:

- a) Compromisos agroambientais. Especificar o programa ambiental .....
- b) Compromiso relacionado coa arrinca de plantacións de lúpulo.
- c) Programas de readquisición de cotas de tabaco.

**SOLICITA:**

Quen asina abaixo declara que os datos indicados son certos e que, segundo o indicado no artigo 7.4 desta orde, se realice un cálculo do importe do pagamento único de acordo con criterios obxectivos.

En ....., o ..... de ..... de 2005

Asdo.: .....

**Documentación:**

Número de hectáreas afectadas: .....

Relación de parcelas afectadas (localización, superficie e sistema de explotación (secaño/regadío):

- 1.- .....
- 2.- .....
- 3.- .....
- 4.- .....

Para todos os casos indicar calquera outra documentación que xustifique os supostos anteriores .....

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria durante os anos indicados (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado .....

ILMO. SR. ....



## MODELO 4: COMUNICACIÓN POR HERDANZA DE EXPLOTACIÓN OU PARTE DELA, INCLUÍDO O USUFRUTO

### 1.- DATOS DO BENEFICIARIO DAS AXUDAS DO PERÍODO DE REFERENCIA.

Don/Dona..... con DNI/CIF .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P. ....

Foi beneficiario/a durante o período de referencia ou parte deste dalgunha das axudas recollidas no anexo VI do Regulamento (CE) 1782/2003

### 2.- DATOS DO HERDEIRO E/OU DO USUFRUTUARIO. (1)

Don/Dona..... con DNI/CIF .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P. ....

### 3.- DECLARACIÓN E SOLICITUDE

Os/As que asinan abaixo declaran que os datos indicados son certos e, de acordo co artigo 3.2.a) desta orde, solicitan que as hectáreas e os importes de referencia lle sexan asignados ao herdeiro, nas seguintes cantidades como beneficiario único da transferencia, ou nº 1, 2, 3. **(2)**.

En ....., o ..... de..... de 2005

O/A herdeiro/a            Nº de hectáreas ..... Nº de animais .....  
 ou usufrutuario/a **(2)**            Importes de referencias .....

Asdo.: .....

**(1) No caso de que o usufrutuario sexa o titular de toda a explotación debe figurar este e non o herdeiro. De o usufruto ser parcial, aplicarase a nota seguinte.**

**(2) En caso de transferencia parcial de explotación indicar qué hectáreas e número de animais pasan ao novo titular, así como xuntar a información sobre a localización das parcelas e o seu tipo de explotación (secaño, regadío), etc.**

**(3) Cubrir tantas solicitudes como beneficiarios. Subliñar o que proceda.**

**Documentación:**

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado .....
- Testamento ou declaración *ab intestato*, escritura de manifestación de herdanza, escritura de partición.

**ILMO. SR.**.....

**MODELO 5: COMUNICACIÓN POR CESIÓN A TÍTULO GRATUÍTO DE EXPLOTACIÓN OU PARTE DELA EN CASO DE HERDANZA ANTICIPADA**

**1.- DATOS DO BENEFICIARIO DAS AXUDAS DO PERÍODO DE REFERENCIA.**

Don/Dona..... con DNI/CIF .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P. ....

Foi beneficiario/a durante o período de referencia ou parte deste dalgunha das axudas recollidas no anexo VI do Regulamento (CE) 1782/2003

**2.- DATOS DO DESTINATARIO**

Don/Dona..... con DNI/CIF .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P. ....

**3.- DECLARACIÓN E SOLICITUDE**

Os/As que asinan abaixo declaran que os datos indicados son certos e, de acordo co artigo 3.2.a) desta orde, solicitan que as hectáreas e os importes de referencia lle sexan asignados ao destinatario, nas seguintes cantidades ..... (hectáreas) .....(animais) ..... (importes de referencia) **(1)** como beneficiario único da transferencia, ou nº 1, 2, 3. **(2)**.

En ....., o ..... de..... de 2005

O/A cedente,

O/A destinatario,

Asdo.: .....

Asdo.: .....

**(1) En caso de transferencia parcial de explotación indicar qué hectáreas, animais pasan ao novo titular, así como xuntar a información sobre a localización das parcelas e o seu tipo de explotación (secaño, regadío), etc.**

**(2) Cubrir tantas solicitudes como beneficiarios. Subliñar o que proceda.**

**Documentación:**

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado .....
- Documento público ou privado de transferencia ou cesión gratuíta asinado por ambas as partes

**ILMO. SR.** .....

**MODELO 6: COMUNICACIÓN POR CAMBIO DE DENOMINACIÓN  
OU DE PERSONALIDADE XURÍDICA**

**1.- DATOS DO BENEFICIARIO DAS AXUDAS DO PERÍODO DE REFERENCIA.**

Nome da persoa física ou xurídica.....  
 .....representante legal da sociedade (de ser  
 o caso) ..... con CIF/NIF ..... Domicilio  
 ..... Localidade ..... Provincia ..... C.P.  
 .....

Foi beneficiario/a durante o período de referencia ou parte deste das axudas  
 recollidas no anexo VI do Regulamento (CE) 1782/2003.

**2.- DATOS DA NOVA PERSOA XURÍDICA OU DE NOVA DENOMINACIÓN DA  
PERSONA FÍSICA OU XURÍDICA**

Nome da nova persoa física ou xurídica .....  
 ..... con CIF/NIF .....  
 Domicilio.....Localidade.....Provincia.....  
 C.P. ....

**3.- DECLARACIÓN E SOLICITUDE**

Quen asina abaixo declara que os datos indicados son certos e, de acordo co  
 artigo 3.2.b) desta orde, solicita que as hectáreas e os importes de referencia lle  
 sexan asignados á nova persoa xurídica.

En ....., o ..... de..... de 2005.

O/A representante legal da persoa xurídica (de ser o caso)

Asdo.: .....

**Documentación:**

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Acreditación do representante legal ou, de ser o caso, presentación ante o funcionario do rexistro
- Documento acreditativo do cambio do tipo de persoa xurídica ou denominación
- Escritura pública de constitución da sociedade no caso de nova persoa xurídica
- Outros documentos que especifique o interesado .....

**ILMO. SR.** .....

**MODELO 7: COMUNICACIÓN POR FUSIÓN TOTAL DE VARIAS PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS NUNHA SOA PERSOA XURÍDICA OU AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS.**

**1.- DATOS DO BENEFICIARIO DAS AXUDAS DO PERÍODO DE REFERENCIA**

Don/Dona....., en calidade de:

- Agricultor individual
- Representante legal da persoa xurídica.....
- NIF .....

Don/Dona....., en calidade de:

- Agricultor individual
- Representante legal da persoa xurídica.....
- NIF .....

Don/Dona....., en calidade de:

- Agricultor individual
- Representante legal da persoa xurídica.....
- NIF .....

Foron beneficiarios durante o período de referencia ou parte deste dalgunha das axudas recollidas no anexo VI do Regulamento (CE) 1782/2003

**2.- DATOS DA NOVA PERSOA XURÍDICA OU AGRUPACIÓN DE PERSOAS FÍSICAS RESULTANTE DA FUSIÓN**

Con data do ..... produciuse a fusión das persoas físicas/xurídicas indicadas no punto anterior co seguinte resultado:

Nova persoa xurídica ou agrupación de persoas físicas:.....  
 .....  
 Representante legal da nova sociedade .....  
 ..... NIF ..... Domicilio .....  
 Localidade ..... Provincia ..... C.P. ....

### 3.- DECLARACIÓN E SOLICITUDE

Os que asinan abaixo declaran que os datos e a información indicados nesta solicitude son certos e, de acordo co artigo 3.2.c) desta orde, solicitan a asignación das hectáreas e importes de referencia correspondentes.

Tamén declaran ser coñecedores de que a explotación resultante contén a totalidade das explotacións dos agricultores ou sociedades que se fusionaron.

En ....., o ..... de ..... de 2005.

O/A representante legal da nova sociedade ou agrupación,

Asdo.: .....

#### Documentación:

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitaren directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado .....
- Copias das escrituras da sociedade actual ou agrupación resultado da fusión ou outros documentos acreditativos dela.

ILMO. SR. ....



**MODELO 8: COMUNICACIÓN POR ESCISIÓN OU SEPARACIÓN DUNHA  
 PERSOA XURÍDICA CON OU SEN CONTINUACIÓN DA ORIXINAL E  
 APARICIÓN DUNHA OU MÁIS PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS  
 DISTINTAS.**

**1.- DATOS DO BENEFICIARIO DAS AXUDAS DO PERÍODO DE REFERENCIA**

Don/Dona..... representante legal da sociedade  
 ou persoa xurídica ..... CIF .....

Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....

C.P. ....

Declara que a persoa xurídica anteriormente indicada foi beneficiaria das axudas indicadas no anexo VI do Regulamento (CE) 1782/2003, durante o período de referencia.

**2.- DATOS DA ESCISIÓN**

**Novas persoas FÍSICAS:**

**(1)** Don/Dona..... NIF .....

Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....

C.P. ....

Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar  
 .....

**(2)** Don/Dona..... NIF .....

Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....

C.P. ....

Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar  
 .....

**(3)** Don/Dona..... NIF .....

Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....

C.P. ....

Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar  
 .....

**Novas persoas XURÍDICAS:**

Nome da persoa xurídica.....

.....CIF.....Domicilio .....

Localidade ..... Provincia ..... C.P. ....

Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar  
 .....

Nome da persoa xurídica.....

.....CIF.....Domicilio .....

Localidade ..... Provincia ..... C.P. ....

Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar  
 .....

Nome da persoa xurídica .....  
 ..... CIF ..... Domicilio .....  
 Localidade ..... Provincia ..... C.P. ....  
 Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar .....  
 .....

### 3.- **DECLARACIÓN E SOLICITUDE**

Os/As que asinan abaixo declaran que os datos o información indicados nesta solicitude son certos e, de acordo co artigo 3.2.c) desta orde, solicitan que se lles asignen as hectáreas e os importes de referencia aos novos agricultores ou ás novas persoas xurídicas resultantes das escisións sinaladas.

En ....., o ..... de ..... de 2005

Beneficiario das axudas do período de referencia ou do seu representante legal

Asdo.....

Novos agricultores:

Nome..... Nome..... Nome.....

Asdo..... Asdo.....

Asdo.....

Representantes legais das novas persoas xurídicas:

Nome..... Nome..... Nome.....

Asdo..... Asdo.....

Asdo.....

#### **Documentación:**

- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitaren directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado .....
- Documento público ou privado que reflecta a escisión da sociedade orixinal.

**ILMO. SR.** .....

## MODELO 9: COMUNICACIÓN POR SEPARACIÓN OU ESCISIÓN DE DOUS OU MÁIS AGRICULTORES

### 1.- DATOS DO BENEFICIARIO DAS AXUDAS DO PERÍODO DE REFERENCIA

Don/Dona.....<sup>3</sup> con DNI .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P. ....

Don/Dona..... con DNI .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P. ....

Foi beneficiario durante o período de referencia das axudas recollidas no anexo VI do Regulamento (CE) nº 1782/2003.

### 2.- DATOS DA ESCISIÓN

Don/Dona..... con DNI.....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P.....  
 Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar  
 .....  
 (Agricultor do período de referencia).

Don/Dona..... con DNI .....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P.....  
 Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar  
 .....

Don/Dona..... con  
 DNI.....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P.....  
 Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar  
 .....

Don/Dona..... con DNI.....  
 Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....  
 C.P.....

<sup>3</sup> Relacionar as persoas da comunidade de bens, do matrimonio, etc.

Número de hectáreas, animais e importes de referencia a asignar .....

.....

### 3.- DECLARACIÓN E SOLICITUDE

Os/As que asinan abaixo declaran que os datos e información indicados nesta solicitude son certos e, de acordo co artigo 3.2.c) desta orde, solicitan que se lles asignen as hectáreas ..... animais ..... e importes de referencia .....do pagamento único ao agricultor inicial e aos novos agricultores.(1)

En ....., o ..... de ..... de 2005

O/A agricultor/a declarante  
no período de referencia

O/A novo/a  
agricultor/a

O/A novo/a  
agricultor/a

Asdo.: .....  
.....

Asdo.: .....  
.....

Asdo.: .....  
.....

#### Documentación:

- Documento público ou privado de escisión asinado por ambas as partes.
- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitar directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado .....

**(1) Indicar qué hectáreas e número de animais pasan ao novo titular, así como xuntar a información sobre a localización das parcelas e o seu tipo de explotación (secaño, regadío), etc.**

ILMO. SR. ....

**MODELO 10: COMUNICACIÓN POR CONTRATO DE COMPRAVENDA****1.- DATOS DO BENEFICIARIO DAS AXUDAS DO PERÍODO DE REFERENCIA**

Don/Dona..... con DNI .....

Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....

C.P. ....

Foi beneficiario/a durante o período de referencia das axudas recollidas no anexo VI do Regulamento (CE) nº 1782/2003.

**2.- DATOS DO COMPRADOR**

Don/Dona..... con DNI/CIF .....

Domicilio ..... Localidade ..... Provincia .....

C.P. ....

Comprou a explotación ou parte da explotación mediante un contrato de compravenda.

**3.- DECLARACIÓN E SOLICITUDE**

Os que asinan abaixo declaran que os datos indicados son certos e, de acordo co artigo 8.1. desta orde, solicitan que as hectáreas e os importes de referencia que abaixo se indican<sup>4</sup> lle sexan asignados ao comprador, sen prexuízo do previsto no artigo 8.3 desta orde.

Nº de hectáreas vendidas ..... Nº animais .....

Importes de referencia.....

En ....., o ..... de..... de 2005

O/A vendedor/a,

O/A comprador/a,

Asdo.: .....

Asdo.: .....

<sup>4</sup> Coa correlación propia da comarca de que se trate.

**Documentación:**

- Documento público ou privado de transferencia asinado por ambas as partes ou certificación do Rexistro da Propiedade
- Copias das declaracións do imposto sobre a renda necesarias ou
- Autorización aos órganos competentes das comunidades autónomas para solicitaren directamente da Axencia Tributaria ou da Tesouraría Xeral da Seguridade Social a certificación ou información que xustifique o desenvolvemento dunha actividade agraria (signifícase que a presentación da solicitude implica a dita autorización)
- Outros documentos que especifique o interesado .....

**ILMO. SR.** .....

## MODELO 11. COMUNICACIÓN POR CONTRATO DE COMPRAVENDA DE UNIDADES DE PRODUCCIÓN EN PRODUTORES DE OVINO, CAPRINO E VACAS NUTRICES

### 1.- DATOS DO VENDEDOR:

Don/Dona. ....  
 con DNI ..... Domicilio .....  
 Localidade ..... Provincia ..... C.P. ....

- Que, segundo o establecido nos artigos 8 e 9 do Real decreto 1839/1997, do 5 de decembro, polo que se establecen normas para a realización de transferencias e cesións de dereitos a prima e para o acceso ás reservas nacionais respecto aos produtores de ovino e caprino e dos que manteñen vacas nutrices, na campaña 200 \_\_ lle transferiu ao comprador determinadas unidades de produción, compostas de animais e dos seus respectivos dereitos a prima, e que se detallan máis abaixo.
- Que esas unidades de produción e segundo os animais que finalmente resultaron determinados deron lugar a pagamentos directos, durante o período de referencia e das axudas recollidas no anexo VI do Regulamento (CE) nº 1782/2003, que non van quedar retidos.

### OVINO LIXEIRO-CAPRINO: número

**Primas base e complementaria (50%) e Pagamento adicional (100%)**

Que se transfira ao comprador: SI  NON

OVINO PESADO: número

**Primas base e complementaria (50%) e Pagamento adicional (100%)**

Que se transfira ao comprador: SI  NON

VACAS NUTRICES: número

**Pagamento por extensificación (100%) e Pagamento adicional (100%)**

Que se transfira ao comprador: SI  NON

**2.- .- DATOS DO COMPRADOR:**

Don/Dona.....  
con DNI .....Domicilio .....  
Localidade ..... Provincia ..... C.P .....

**3.- DECLARACIÓN E SOLICITUDE**

Os/As que asinan abaixo declaran que os datos indicados son certos e, de acordo co artigo 8.2. desta orde, solicitan que os importes de referencia descritos lle sexan asignados ao comprador, para o cálculo do importe de referencia recollido no artigo 5 desta orde, sen prexuízo do previsto no artigo 8.3 desta orde.

En ....., o ..... de..... de 2005

O/A vendedor/a,

O/A comprador/a,

Asdo.: .....

Asdo.: .....

**ILMO. SR. ....**